



Escola Técnica Superior de Enxeñaría  
Rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n  
15782 Santiago de Compostela  
Tel. 881816701

## Reunión Ordinaria da Comisión de Traballo de Fin de Grao en Enxeñaría Química

Data: 23-06-2020

### Texto da Convocatoria:

1. Informes
2. Regulamento do TFG
3. Rúbrica da avaliación do TFG
4. Outros asuntos dentro das actuacións derivadas da situación da COVID-19
5. Quenda Aberta

**Asistentes:** M. S. Freire, S. González, J.M.Garrido, A. Hospido, A. Mosquera, H. Rodríguez  
**Xustifican ausencia:** M. Carballa, A. Franco

O día 23 de xuño ás 12:00 h reúnese en convocatoria ordinaria a Comisión de Traballo de Fin de Grao do Departamento de Enxeñaría Química, de maneira non presencial, utilizando a ferramenta *MS Teams*, cos asistentes e a orde do día arriba citados.

### 1. Informes

A secretaria informa que:

- Recibiuse un escrito da alumna Clara Pastur polo que solicita que, se é posible, a data da defensa do seu TFG sexa nos días 22 ou 23 de xullo por mor dun examen de idioma que tén previsto en Valladolid o 25 de xullo.
- Tamén se comunican tódalas prórrogas e modificacións que se aprobaron pola vía de urxencia ata esta data.
- Sobre da instrucción do adiamento dos TFG queda pendente dunha posible convocatoria en novembro.
- Informouse que está aberta a biblioteca da ETSE coas restriccións de aforo e medidas derivadas do COVID-19.
- Como se aprobou pola vía de urxencia, fíxose a comunicación aos alumnos a través da Aula Virtual de TFG que poderían ser revisados có software Turnitin tódolos documentos do TFG, agás o Prego de Condicións, como está recollido no apartado de Preguntas frecuentes. Tamén se lles adxuntou a Normativa que está aprobada pola Xunta da ETSE.
- Dado que para as guías docentes se están a solicitar recursos electrónicos, mandarase unha lista de libros e recursos online relacionados có TFG á Biblioteca.

## 2. Regulamento do TFG

Revisouse o regulamento modificado tralo Consello de Departamento do día 29/06/2019 por parte dos membros asistentes da Comisión, e unha vez feitos tódolos cambios, dáse por aprobado no día de hoxe o novo regulamento de TFG do Grao en Enxeñaría Química e mandarase para a súa aprobación pola Xunta da ETSE, para que poida seguir tódolos trámites ata a súa aprobación por Consello de Goberno.

## 3. Rúbrica da avaliación do TFG

A Comisión tamén revisou os documentos da rúbrica e o informe da avaliación do TFG dacordo con tódalas suxestións realizadas, quedando aprobada pola Comisión, pendente de que o profesor Héctor Rodríguez faga una revisión dos descritores para uniformizalos.

## 4. Outros asuntos dentro das actuacións derivadas da situación da COVID-19

Recibiuse a instrución 3-2020 de Secretaría Xeral na que se regula todo o proceso de avaliación e se pode atopar información sobre a publicación das notas e o proceso de revisión.

Dado que a defensa de TFG será pola ferramenta MS Teams tódalas instrucións necesarias serán comunicadas aos alumnos e os membros dos tribunais.

Seguindo as instrucións publicadas, tódalas persoas que queiran asistir como público á sesión telemática poderán solicitalo, como se comunicará no seu momento.

## 5. Quenda Aberta

Non hai intervencións.


Sen mais asuntos que tratar, dáse por finalizada a reunión ás 13:18 h.

En Santiago de Compostela, a 23 de xuño de 2020

VºBº



Asdo.: M. Sonia Freire  
Secretaria da Comisión



Asdo.: Anuska Mosquera Corral  
Presidente da Comisión